| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.<br>- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.<br>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.<br>- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. |

| **UD** | **Título da UD** | **Duración** |
|---|---|---|
| 6 | Será que somos así | 12 |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que ¿no caso da oralidade¿ estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. | Comprender a información oral sobre conversas. | PE | 39 |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Analizar diferenzas entre as linguas que coñecen. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Autoavaliarse e autocorrixirse para mellorar no proceso comunicativo. | | |
| CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital. | Completar docuemntos sinxelos. | TI | 61 |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactuar de forma efectiva repetindo puntos clave. | | |
| CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar. | Responder e facer preguntas nunha conversa fluída. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Respectarse a si mesmos e ás demais persoas. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñecer estereotipos e rexeitar os discriminatorios. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).<br>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Mulleres á portuguesa | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Extraer o sentido global dun texto oral. | PE | 45 |
| CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado. | Comprender instrucións e opinións. | | |
| CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redactar mensaxes sinxelas. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosar unha actitude de respecto individual e colectivo. | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Transmitirlles informacións de interese a terceiras persoas. | | |
| CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | Producir textos orais curtos e moi sinxelos. | TI | 55 |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Producir textos intelixibles en situacións interactivas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Activar os coñecementos previos e os coñecementos lingüísticos previamente asimilados. | | |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Usar recursos autónomos do seu repertorio lingüístico. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | Aceptar e respectar a diversidade lingüística. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participar en proxectos relacionados cos elementos transversais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos¿). |
| - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. |
| - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. |
| - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿). |
| - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). |
| - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. |
| - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. |
| - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |
| - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Mocidade portuguesa | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital. | Completar formularios escritos moi básicos. | PE | 34 |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Participar en situacións interactivas sinxelas e breves. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar adecuadamente as convencións escritas. | | |
| CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que ¿no caso da oralidade¿ estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. | Comprender información oral de xeito presencial. | TI | 66 |
| CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | Producir textos curtos e moi sinxelos. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Pedir que se lle repitan os puntos clave. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Respectarse a si mesmos e aos demais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Crear pontes que faciliten a comunicación. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | Aceptar e valorar a diversidade lingüística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).<br>- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).<br>- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.<br>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.<br>- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Traballar en Portugal | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado. | Comprender opinións claras formuladas a través de diversos sopertes. | PE | 55 |
| CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | Aplicar estratexias e coñecementos nos textos escritos. | | |
| CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar. | Interactuar preguntando de forma fluída e pertinente. | | |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Aplicar hipóteses de significados no proceso de produción de textos. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Evitar estereotipos lingüísticos ou culturais. | | |
| CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Extraer a información relevante e previsible en textos multimodais breves. | TI | 45 |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Producir interaccións orais intelixibles e efectivas. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Actitude positiva de respecto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Usar pontes que faciliten a comunicación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.<br>- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.<br>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).<br>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.<br>- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

-Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial
Na educación secundaria obrigatoria farase nos primeiros quince días de clase unha avaliación inicial que servirá, xunto cos informes individualizados, como punto de partida para saber por onde comezar co alumnado, detectar posibles necesidades educativas e aplicar o reforzo individualizado correspondente. Os informes tamén serán un referente importante para facerlle o seguimento ao alumnado.
Ao comezo de cada unidade partirase do nivel previo de coñecementos que o alumnado posúe para conseguir unha aprendizaxe significativa, progresiva e ben construída.
Os métodos empregados para acadar os nosos obxectivos serán variados, pero podemos enumerar os seguintes e ilustralos dalgún exemplo que amosen a liña metodolóxica a seguir.
Dende o punto de vista do profesor: avogamos por un método demostrativo máis que expositivo; aínda que somos

conscientes de que nalgún momento este tamén será empregado. Na medida do posible evitaremos o coñecido como ¿clases maxistrais¿ en favor doutros métodos.
Para a consecución dalgúns obxectivos tamén faremos uso do método interrogativo e de descubrimento para que o profesorado exerza máis de guía que de mero transmisor dos coñecementos. O alumnado tentará acadar os coñecementos grazas ao seu traballo.
Dende o punto de vista do alumno: procurarase combinar a ensinanza individualizada e grupal (nesta última, na medida do posible porque se deben de ter en conta as circunstancias nas que se vai desenvolver o presente curso).
Canto á ensinanza individualizada atenderanse as características específicas de cada alumno/a. Para isto serán de especial relevancia os datos obtidos da avaliación inicial e dos informes que nos poidan achegar dende o departamento de orientación
Ao falarmos de ensinanza grupal referímonos ao emprego de técnicas que faciliten a participación dos diferentes membros do grupo como por exemplo:
O remuíño de ideas: útil para verificar os coñecementos previos do alumnado sobre determinado tema.
O debate: coa preparación previa dos alumnos/as fomentaremos as súas capacidades para debater sobre temas relacionados coa materia.
Traballos en pequeno grupo: cos que pretendemos a colaboración do alumnado entre eles e a posterior exposición no grupo-clase para compartir e asumir os diferentes contidos.
A metodoloxía utilizada dentro da aula será fundamentalmente práctica, e trasladaranse ao alumnado as nocións teóricas pertinentes en cada caso. Partindo de textos de diferente tipoloxía (literarios e non literarios) faranse actividades de lectura, de comprensión oral e escrita, de produción, de identificación e de análise textual.
Usaranse distintas técnicas dentro da aula para unha maior comprensión dos contidos: potenciarase o traballo individual e/ou en grupo e a participación activa do alumnado; impulsaranse os hábitos de convivencia, respecto, participación e tolerancia e usarase o galego de forma oral e escrita na actividade diaria. Tamén se fomentará a investigación por parte do alumnado a través de distintas fontes de información e o achegamento ás novas tecnoloxías.
Realizaranse distintas actividades na aula de forma individual e/ou en pequeno grupo (na medida do posible) relacionados cos bloques de contidos e cos obxectivos que se pretende conseguir.
A avaliación será individualizada, continua e formativa e terá en conta:
Participación activa e resolución do traballo de aula: exercicios do libro de texto ou doutros materiais específicos que atendan ás necesidades do alumnado.
Potenciación da dinámica de grupos.
Elaboración de resumos, actividades de comprensión lectora e de expresión oral e escrita.
Probas obxectivas diferentes para establecer o grao de consecución dos obxectivos.
Actitude positiva cara á materia.
A aceptación da función comunicativa da lingua esixe o desenvolvemento de aspectos lingüísticos, sociolingüísticos, discursivos e estratéxicos que lles permitan aos alumnos e alumnas a comprensión e o uso da lingua en distintas situacións cunha corrección e cunha fluidez crecentes. Na programación de cada nivel plásmanse de maneira máis precisa as necesidades comunicativas do alumnado, así como aqueles aspectos nos que se incide en función das súas características, dos seus coñecementos previos, da duración dos períodos lectivos e das finalidades establecidas. Porén, con carácter xeral traballaranse na aula aspectos lingüísticos que levan ao coñecemento e uso das formas e normas gramaticais; aspectos sociolingüísticos que permitirán ao alumnado adoptar os distintos roles sociais, respectando os hábitos e condutas apropiadas ás distintas situacións de comunicación; aspectos discursivos que lle facilitan o recoñecemento e o uso de elementos de cohesión e de coherencia para que axuden tanto na comprensión como na produción de textos; e aspectos estratéxicos que lle permitirán abordar os problemas xurdidos na comunicación e facer fronte ao imprevisto en situacións de comunicación novas.
O carácter instrumental da lingua fai necesario abordar na programación diaria a realización de actividades que leven á adquisición das destrezas receptivas -comprensión oral e escrita- e produtivas -produción oral e escrita- a través da exercitación de maneira continua e gradual dos pasos necesarios para a súa consecución. Ao mesmo tempo cómpre propoñer ao alumnado ocasións múltiples e variadas para que utilice a lingua que está a aprender. Así, as situacións de comunicación seleccionadas servirán de contexto para a presentación, a reflexión e o uso da lingua necesaria e apropiada; ademais, xa que a progresión que segue a aprendizaxe dunha lingua é cíclica e acumulativa, os contidos que se traballaron en momentos iniciais da aprendizaxe deberán retomarse en momentos posteriores, permitindo que o alumnado utilice de novo a lingua aprendida nunha variedade crecente de situacións.
Os erros considéranse parte do propio proceso de aprendizaxe da lingua. Prestaráselles unha especial atención aos erros cometidos polo alumnado, tanto na comprensión como na produción e procurarase que estes non se convirtan nun motivo de inhibición senón que, polo contrario, o tratamento dos erros lle permita e facilite a análise do sistema lingüístico do portugués e a reflexión sobre o uso do mesmo. En relación cos erros, trataranse de xeito distinto aqueles erros que se producen por fallos de memoria, por nerviosismo, por fatiga etc., dos erros de carácter sistemático: tanto de fonética como de transferencia do galego e do castelán para os que haberá que buscar a

corrección apropiada. No caso de os erros seren consecuencia do método didáctico trataranse de introducir os cambios necesarios na práctica na aula por medio de novos enfoques didácticos, exercicios e actividades variadas e diferentes etc.
Por último, é fundamental salientar a importancia dos aspectos afectivos na aprendizaxe dunha lingua. Neste senso, un elemento imprescindible é que o alumnado valore a importancia da lingua portuguesa como medio de comunicación, isto, aínda que resulta patente nos niveis superiores, cando xa o alumnado considera máis necesaria a aprendizaxe e o uso da lingua portuguesa en relación coa súa profesión e co seu traballo futuro, non é tan doado de conseguir nos niveis iniciais, polo que cómpre nestes niveis ter en conta os gustos e intereses do alumnado para establecer puntos de conexión entre a lingua estranxeira e o seu propio mundo.
Outro aspecto é a confianza en si para acceder ao portugués e para afrontar con garantías de éxito a aprendizaxe, así procurarase que o alumnado se sinta seguro de si mesmo mediante o uso consciente de recursos lingüísticos e non lingüísticos (comprensión das palabras polo contexto, uso de sinónimos, paráfrases etc.) que xa posúe pola súa aprendizaxe doutras linguas ou mediante a adquisición doutras. Favorecerase, na medida do posible, o traballo en pequenos grupos ou por parellas para facilitar a comunicación tanto nas actividades orais como nas escritas; nos niveis iniciais primarase o traballo cooperativo na comunicación oral.
Os contidos e os respectivos descritores do proceso pedagóxico presentes no Programa de Português do Ensino Secundario foron concibidos para permitiren formas de conxugación dos diversos dominios, creadoras de sinerxias propiciadoras de aprendizaxes máis sustentadas. Compete ao profesorado, no uso dos seus coñecementos científicos, pedagóxicos e didácticos, adoptar os procedementos metodolóxicos que considere máis adecuados á aprendizaxe ben sucedida dos contidos indicados en cada dominio, traducida na consecución das competencias, tendo en conta as especificidades científico-didácticas da disciplina. Sen pretendermos interferir na autonomía que cabe ao profesorado de portugués, considérase que debe haber unha correspondencia clara e fundamentada entre actividades e programación, que permita ao alumnado a realización dun percurso sólido no sentido da adquisición dos saberes contemplados no programa.

-Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial
Cómpre destacar que a aula virtual do centro será o contorno principal de información para a comunidade educativa. A partir dela, configurarase a elaboración e utilización de recursos ou medios con fins educativos, especialmente pensados para o ensino a distancia, que suplirán a clase presencial tradicional, no caso de ser necesario. Nela, semana a semana, recolleranse as actividades e tarefas que se vaian realizando para que estean a disposición de todo o alumnado. Do mesmo xeito, a aula virtual será o principal medio que empregaremos ao longo do curso para recoller as tarefas ou actividades que se propoñan ao alumnado.
Dende ela, establecerase a revisión e corrección de tarefas que o alumnado envíe a través desta plataforma (ou, de ser necesario, do correo electrónico). Isto permitiralle continuar co seguimento semanal das clases, aínda que non teña a posibilidade de asistir a elas de xeito presencial.
Cómpre sinalar que neste traballo tamén se valorará o interese pola corrección nos textos e os avances que o alumnado vaia conseguindo. Estas actividades non se circunscriben exclusivamente a probas escritas, senón que poden facer parte delas traballos prácticos escritos ou orais.
O profesorado levará un rexistro de presentación das actividades que, ademais, reflictirá a calidade das tarefas e se o alumno fai o seguimento das indicacións que dá o profesorado para realizalas.

-Concrecións metodolóxicas para o ensino non presencial
Neste caso, o centro ten preparada unha partida de ordenadores para deixar en préstamo a aqueles estudantes que se vexan obrigados a seguir coas clases desde a casa. De non haber ordenadores dispoñibles nese momento, contamos cun plan alternativo para que ese alumnado con problemas de conectividade poida seguir coa súa formación. As estratexias que se seguirían para o ensino a distancia serían:
A aula virtual do centro será a contorna principal de información e de formación para o noso alumnado. Por iso, desde o principio de curso estase a traballar con eles para que adquiran as competencias necesarias no dominio da aula virtual. Alí depositamos todo o material imprescindible para o estudo dos aspectos teóricos da materia (presentacións, vídeos youtube, documentos..) así como as diferentes tarefas sobre a materia impartida.
Ademais, procuraranse vías de comunicación bidireccionais e multidireccionais: a través de medios coma o correo electrónico, a mensaxería da aula virtual e/ou da aplicación Abalar Móbil.
Especialmente interesantes son, tamén, as posibilidades de comunicación multidireccional entre membros dun grupo grazas ás posibilidades que a contorna virtual outorga aos procesos de comunicación na educación a distancia, a través do uso da videoconferencia. Para este caso, dispoñemos da plataforma Webex.
Nesta situación, o traballo do alumnado incluirá a realización e entrega (a través da aula virtual e/ou correo electrónico) das distintas actividades, tarefas e/ou probas que propoña o profesorado, ademais da mostra de interese na resolución de dúbidas. Cómpre sinalar que neste traballo tamén se valorará o interese pola corrección nos textos e os avances que o alumnado vaia conseguindo.

Estas actividades non se circunscriben exclusivamente a probas escritas, senón que poden facer parte delas traballos prácticos. De aí a importancia de deseñar e desenvolver actividades de carácter formal e informal, que axuden a mellorar a implicación do alumnado confinado e o seu esforzo psicoafectivo.
A resolución das probas ou actividades poderase dar a partir da corrección do docente (a través do envío de arquivos adxuntos ao correo e/ou aula virtual) ou da autoavaliación do propio alumno/a (mediante o emprego de aplicacións gratuítas en liña de autocorrección ou de solucionarios).
As múltiples aplicacións e programas de carácter gratuíto que fornece a rede permiten ter un amplo abano de posibilidades á hora de deseñar os procedementos e adaptalos ás necesidades do alumnado. Así, o seu emprego variará en función dos recursos e/ou das posibilidades de conexión que teña o alumnado. En todo caso, sempre se incluirán actividades do libro de texto ou que non precisen conexión para aqueles que non teñan acceso a Internet.
Alumnado sen conectividade: Se, por algún motivo, algún estudante non ten acceso á rede, faráselle chegar á casa un caderno de tarefas da materia e establecerase unha canle de comunicación a través da aplicación Abalar Móbil para solventar todas as dúbidas que se lle presenten. Intentarase que o caderno sexa corrixido semanalmente para que o estudante sexa consciente dos avances e dificultades cos que se atopa. En todo caso, procurarase na medida do posible evitar que este alumnado quede excluído do ensino a distancia e sufra as consecuencias da ¿fenda dixital¿.
Co pensamento posto na diversidade de situacións que presenta o noso alumnado, intentarase facilitar a súa integración á volta, para o cal será necesario afianzar a súa seguridade e autoconcepto a través do proceso educativo desenvolto, ademais de facilitar experiencias de éxito educativo e mesmo traballar técnicas de autoavaliación, na medida do posible.
O obxectivo primordial é o de proporcionar a atención educativa precisa para asegurar a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe e evitar o atraso académico.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Oliveira, Carla e Luisa Coelho (2011). Aprender português 3. Português para estrangeiros. Texto Editores |
| Sitios web |
| Dicionário Priberam online de Português contemporâneo (https://dicionario.priberam.org/) |
| Escola de Idiomas de Vigo (http://www.edu.xunta.gal/centros/eoivigo/?q=taxonomy/term/71) |
| Infopédia. Dicionarios Porto Editora (https://www.infopedia.pt/dicionarios) |
| Instituto Camoes de Vigo (https://www.instituto-camoes.pt/) |

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.
Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.

- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.

- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluirá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **12** | **12** | **11** | **100** |
| **Proba escrita** | 49 | 50 | 57 | 63 | 40 | 39 | 45 | 34 | 55 | **48** |
| **Táboa de indicadores** | 51 | 50 | 43 | 37 | 60 | 61 | 55 | 66 | 45 | **52** |

**Criterios de cualificación:**

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de actividades centradas na utilización da lingua oral, o cal redunda na presenza dunha maior porcentaxe no valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación.
Por incompatibiliade cos procesos de avaliación, non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.
--- Utilización da lingua portuguesa e penalizacións por incorreccións lingüísticas:
O alumnado desenvolverá as actividades, escritas e orais, en lingua portuguesa e perderá puntuación (máximo de 1 punto) por faltas de ortografía ou de pronuncia básica.
--- Cualificación trimestral:
A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.
Se a cualificación é superior a 5 poderanse sumar ata 2 puntos por actividades voluntarias (véxase o apartado 7.2. Actividades complementarias).
--- Cualificación ordinaria:
Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.
--- Cualificación final:
O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo

en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

**Criterios de recuperación:**

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria (para bacharelato) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación ordinaria, a/o docente de Lingua Galega e Literatura realizará un breve informe de avaliación individualizado.
Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:
1. Para facilitar a recuperación das probas trimestrais, procederase dos seguinte xeito:
- Ao longo do segundo trimestre, no prazo establecido pola/o docente, o alumnado que suspendese o primeiro trimestre poderá facer unha proba escrita a súa recuperación.
- Ao longo do terceiro trimestre, no prazo establecido pola/a o docente, o alumnado que suspendese o segundo trimestre poderá facer unha proba escrita para a súa recuperación.
2. O resto de probas e entregas do curso, tanto de lingua oral como de lingua escrita, poderán recuperarse no período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación final. Inclúese aquí a proba escrita do terceiro trimestre para a súa recuperación.
3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións coincidirá coa avaliación final do período ordinario. A avaliación final ordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».
Segundo a orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, "As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023. A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final".
En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:
1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificacióndos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadashabitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer unsmecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.
e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.
f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a su¿a preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar dúbidas.
g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a su¿a avaliación, nos termos que se establecen na normativa queregula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.
Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes debeá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.
Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da su¿a repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.
Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar du¿as probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que aprobe a primeira metade en xaneiro, só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba ou os que non se presentasen ao exame, deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos.
Teranse en conta estes aspectos:
-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso. Debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior. No mes de xaneiro do curso actual, o alumnado que suspendese o primeiro proxecto do curso anterior poderá volver a entregalo para a súa recuperación. No mes de maio, o alumnado que suspendese os proxectos número 2 e/ou número 3 poderá volver a entregalos para a su¿a recuperación.
A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar os exames.
As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:
Táboa de indicadores (probas orais, proxectos etc.): 50%
Proba escrita: 50%
A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.
h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.
Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención

ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».
A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención aoalumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluirá os seguintes apartados:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - a comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - a expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - a comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - a competencia dixital | | | X | X | | | X | X |
| ET.5 - o emprendemento social e empresarial | | X | | | X | | | |
| ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico | | | X | X | | | X | X |
| ET.7 - a educación emocional e en valores | | X | | | X | X | | |
| ET.8 - a igualdade de xénero | | | | | | | X | X |
| ET.9 - a creatividade | X | | | | X | | | |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - a comprensión lectora | X |
| ET.2 - a expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - a comunicación audiovisual | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.4 - a competencia dixital | |
| ET.5 - o emprendemento social e empresarial | X |
| ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico | X |
| ET.7 - a educación emocional e en valores | X |
| ET.8 - a igualdade de xénero | X |
| ET.9 - a creatividade | X |

**Observacións:**

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en 2.ª lingua estranxeira Portugués de 3.º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:
- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Portuguesa, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Excursión ao Porto | Coñecer e visitar a cidade en lugares que sexan motivadores e educativos: Museu Serralves, Planetário, Livraria Lelo & Irmao... | | | |
| Museus da Raia | Visitar o Museu do Cinema de Melgaço, o Casa Museu de Monçao e o Museu da Bienal de Cerveira | | | |

**Observacións:**

As actividades complementarias insírense de cheo nas unidades didácticas da programación, é por iso que o alumnado poderá realizar actividades de carácter voluntario para incrementar a súa nota trimestral mediante proxectos ou actividades asociados a elas.
Garantirase sempre que a súa valoración sexa obxectiva e que a súa realización sexa accesible a todo o alumnado independentemente da súa situación económica familiar ou de calquera outra forma de dificultade.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Propiciouse un ambiente motivador na aula |
| 2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia |
| 3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes |
| 4. Logo da avaliación inicial, mantívose un seguimento adecuado do alumnado con necesidades especiais |
| 5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios de avaliación, cualificación e puntuación establecidos |
| 6. As explicacións e a exemplificación foron claras e amenas |
| 7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar |
| 8. Mantívose unha actitude entusiasta e dinámica |
| 9. O profesorado mantívose actualizado tanto na materia como nos recursos |
| 10. Realizouse un seguimento continuo da programación e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias. |
| 11. Estableceuse unha relación de cooperación tanto cos outros departamentos como con outros grupos de traballo específicos. |
| 12. Mantívose unha comunicación fluída co alumnado que non puido asistir temporalmente ao centro. |
| 13. Conseguíronse desenvolver as unidades didácticas á temporalización establecida. |
| 14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación foron adecuados. |
| 15. Propuxéronse e concretáronse actividades para atender a diversidade do grupo. |
| 16. Participouse no Plan lector e noutras actividades deseñadas por outros grupos de traballo. |
| 17. Potenciouse a participación e a reflexión na aula. |
| 18. Mantívose unha comunicación coa persoa titora do grupo e coas familias. |

**Descrición:**

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".
Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.
Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.
Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.
Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.
A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:
-Introdución.
-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.
-Medidas de atención á diversidade.
-A concreción dos elementos transversais.
-As actividades complementarias.
-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.
En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.
Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:
-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.
Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.
1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .

12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualizaciónpara poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados